

## Limiar

*En setembro de 2008 a Cátedra de Informática da Universidade da Coruña organizou unhas xornadas sobre tecnoloxías da información “High Standards in Research and Teaching in Computing Engineering. . . some reflections” para discutir e debater ao redor do eterno debate sobre cal debe ser a finalidade do ensino da enxeñaría informática, así como as perspectivas futuras de investigación no ámbito universitario.*

*Por este motivo, a nosa universidade reuniu un grupo de profesionais e persoal investigador, expertos e de categoría internacional, que ao longo de dous días conversaron e debateron con membros da facultade. Cada un dos participantes preparou un relato-rio coas súas reflexións e propostas que son as que recolle este volume.*

*Naturalmente, hai moitos puntos de vista canto aos obxectivos dunha boa formación en tecnoloxías da información tanto para garantir o seu uso social como para investigar en novos enfoques e teorías. Aquí, cadaquén achega a súa propia visión como resultado dunha formación previa ou dunhas expectativas de traballo ou investigadoras futuras. Por outra banda, no ámbito das tecnoloxías da información hai diferenzas obvias entre a ciencia da computación e a enxeñaría informática. Aquí, centrarémonos no eido da primeira, onde o ideal é unha mestura de teoría pura e a procura de solucións a problemas prácticos. O currículo dun enxeñeiro en informática debe atender isto polo que respecta á súa capacitación.*

*Cando a computación se estuda como unha rama das matemáticas, raramente durante o desenvolvemento de complexos sistemas se atenden cuestións prácticas. Porén, un profesional da enxeñaría informática non debe caer nesta visión pois el ou ela corre-ría o risco de resolver problemas tan interesantes como inútiles.*

*Por outra banda, a enxeñaría de software tende a esixir unha enorme atención ao detalle e ao conxunto o cal adoito leva o/a profesional a ser un simple usuario das ferra-mentas, cada vez máis sofisticadas, que aparecen baixo novos paradigmas e contornos de traballo. E, non cómpre esquecer, que estes se desenvolven nos principais laboratorios de investigación. Por tanto, o interese no desenvolvemento de novos métodos e puntos*

*de vista raramente está permitido, pois xa non poden ser adquiridos, coa profundidade precisa, os coñecementos teóricos necesarios.*

*Consecuentemente, a diferenza entre a formación universitaria e un alto nivel de formación profesional aparece esvaecida, case sempre en detrimento da primeira. Aínda que esta cuestión non só lle afecta ás tecnoloxías da información, neste caso a demanda empresarial claramente empeora o problema.*

*Os cinco traballos presentados neste volume ofrecen unha reflexión coido que de grande interese para se centrar nesta cuestión. Así, as achegas de Franz Pichler, Roberto Moreno e Luigi Ricciardi piden detérmonos no modelo da realidade a través da cultura matemática e, nomeadamente, nas lecturas de traballos pioneiros cuxas ideas fundamentais son ignoradas de xeito maioritario por estudantes e profesorado. Ludmila Kuncheva, á súa vez, presenta unha lúcida e completa análise tanto desde perspectivas educativas como investigadoras, para o que nestas segundas bota man da súa brillante experiencia concreta no eido do recoñecemento de padróns. Alai Verschoren, tamén con base na súa propia experiencia, proporciónanos un magnífico exemplo da aplicación do plan de estudos na Universidade de Anveres que mostra un notable equilibrio entre a teoría e a práctica. Finalmente, Thomas Arts, na súa calidade de organizador dunha das máis recentes experiencias, móstranos unha proposta de formación orientada a proxectos e ferramentas baixo demanda, o que, sen dúbida, será un punto de referencia claro para os que aquí, e no resto de Europa, teñen na súa man implementalos.*

*Desexo dar as grazas a todos eles polo seu interese e colaboración, coa esperanza de que o seu traballo axude a guiar a formación dos futuros profesionais da enxeñaría e alcanzar, así, o nivel de excelencia que esixe a universidade canto centro de investigación e formación. Tamén quero expresar o meu agradecemento á rede de investigación REGACA, coordinada polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Dr. D. Manuel Ladra González, polo seu apoio financeiro, así como á Universidade da Coruña pola súa colaboración e disposición para publicar este libro.*

*Decembro 2009*

*J. L. FREIRE NISTAL  
Presidente-organizador  
Facultade de Informática  
Universidade da Coruña*